

PROGRAMA DO CURSO PREPARACIÓN DO EXAME DO CELGA 1

Unidade 1. O galego e eu

Nesta unidade imos coñecer outras persoas que tamén estudan galego. Ademais imos facerlles recomendacións para que o poidan aprender mellor.

Para iso, imos aprender:

- > a dar e pedir datos persoais
- > a presentarnos, saudar e despedirnos
- > a falar das dificultades e dos recursos para aprender o galego
- > a expresar intencións e intereses e a facer recomendacións
- > os numerais cardinais de 0 a 100
- > o abecedario
- > o artigo determinado; os casos de presenza e omisión do artigo determinado; a preposición
- > os verbos regulares e irregulares máis usuais en presente
- > as formas dos pronomes persoais tónicos en función de suxeito e de complemento; usos de ti, vós / vostede, vostedes
- > pronomes e adverbios interrogativos máis comúns
- > a construír e a entoar correctamente as oracións interrogativas
- > nomes de países e xentilicios

Unidade 2. Eu son así

Nesta unidade imos presentar os nosos amigos e amigas.

Para iso, imos aprender:

- > Identificar e describir as persoas, tanto no aspecto físico como no carácter
- > Preguntar sobre gustos e intereses
- > Contrastar gustos e experiencias
- > Falar de relacións persoais e do parentesco
- > Empregar as construcións o/a/os/as+adxectivo, o/a/os/as+de+substantivo e o/a/os/as+que+verbo
- > Coñecer máis a música galega
- > Utilizar correctamente os posesivos
- > Empregar correctamente o xénero nos substantivos e nos adxectivos
- > As diferenzas no uso de nomes comúns e nomes propios

Unidade 3. Miña casaña, o meu lar

Nesta unidade imos deseñar unha casa ideal e buscar unha persoa para compartir piso.

Para iso, imos aprender:

- > a expresar a existencia e a localización

- > as formas, os estilos e os materiais dos obxectos
- > a facer comparacións
- > a describir barrios, rúas, vivendas e os servizos máis prioritarios na veciñanza
- > o artigo indeterminado e a preposición
- > algúns cuantificadores
- > o superlativo relativo
- > os numerais ordinais
- > a flexión de número en substantivos e adxectivos
- > a concordancia de xénero e de número no grupo nominal
- > o léxico relacionado con agrupamentos de poboación e tipos de hábitat; a fauna e a flora

Unidade 4. Día a día

Nesta unidade imos coñecer os hábitos das nosas amigas e dos nosos amigos de clase.

Para iso, imos aprender:

- > a falar de hábitos e a expresar a frecuencia
- > a expresar a hora e a secuencia das actividades e accións
- > as regras básicas de acentuación
- > os adverbios máis comúns para expresar a afirmación e a negación
- > a construír e a entoar correctamente oracións simples afirmativas e negativas
- > os usos e valores máis comúns do infinitivo e do xerundio
- > as perífrases estar + xerundio e estar + a + infinitivo
- > máis verbos en presente
- > o uso dos pronomes reflexivos
- > os verbos reflexivos
- > os días da semana

Unidade 5. Cal prefires?

Nesta unidade imos facer unha lista das cousas que necesitamos para pasar unha fin de semana fóra e decidir como as conseguimos.

Para iso, imos aprender:

- > a expresar a necesidade e a captar a atención das persoas
- > a identificar e describir obxectos
- > a invitar ou propoñer algo
- > a aceptar ou rexeitar un convite; a dar excusas e xustificarnos
- > os números a partir de 100
- > a forma e algúns usos do imperativo afirmativo
- > os demostrativos
- > a preguntar nunha tenda polos produtos, os prezos e pagar

Unidade 6. Que sabes facer?

Nesta unidade imos escoller as persoas que fagan de chofer, de cociñeiro e de guía turístico para pasar unha fin de semana de acampada por Galicia.

Para iso, imos aprender:

- > a falar de experiencias pasadas, de habilidades e actitudes
- > a enumerar as calidades e os defectos das persoas
- > o pretérito dos verbos regulares e o dos irregulares máis frecuentes
- > os usos e os valores máis comúns do participio dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- > as perífrases ter + participio, ter que + infinitivo (obriga) e haber + infinitivo (obriga)
- > o léxico básico referido aos medios e sistemas de comunicación

Unidade 7. A comer!

Nesta unidade vas convidar a xantar na túa casa a un par de amigas.

Para iso, imos aprender:

- > a falar de gustos e hábitos culinarios
- > a pedir e dar información sobre as comidas; as comidas do día
- > a desenvolvernos en bares, cafeterías e restaurantes
- > algúns hábitos gastronómicos dos galegos e as galegas
- > os pesos e as medidas
- > a forma impersonal con se
- > os pronomes complemento de OD
- > os conectores e, pero e ademais
- > algúns usos de ser e estar
- > expresións básicas de acordo e desacordo

Unidade 8. Tempo de lecer

Nesta unidade imos planificar un día de ocio nunha cidade galega.

Para iso, imos aprender:

- > a falar de actividades de lecer e de horarios
- > a describir lugares e a falar do clima
- > a relatar experiencias pasadas, a falar de intencións e de proxectos
- > máis verbos regulares e irregulares en pretérito
- > a perífrase ir + *infinitivo*
- > algunhas expresións e adverbios de tempo
- > os meses do ano
- > o léxico relacionado co medio físico e o relevo

Unidade 9. Estamos moi ben

Nesta unidade imos interesarnos polo estado e problemas das outras persoas que están facendo o curso e ofrecerlles axuda.

Para iso, imos aprender:

- > a dar consellos e suxestións e a falar de estados de ánimo
- > a describir dores, molestias e síntomas
- > as partes do corpo
- > expresións básicas de felicitación, para dar as condolencias e mostrar solidariedade
- > algúns usos de ser e estar
- > o futuro dos verbos máis habituais: facer, dicir, deber, haber, poder, estar, ser...
- > os adverbios de modo

Unidade 10. Gustoume moito

Nesta unidade imos facer unha lista das cousas máis interesantes do lugar no que estamos.

Para iso, imos aprender:

- > a falar de experiencias e valoralas
- > o uso de xa e aínda non
- > máis usos do pretérito

Unidade 11: Antes e agora...

Nesta unidade imos decidir cal foi a época máis interesante da historia.

Para iso, imos aprender:

- > a falar de hábitos, costumes e circunstancias no pasado
- > a situar accións no pasado e no presente
- > a argumentar e a debater
- > a forma e os usos do copretérito
- > o emprego de xa non e aínda
- > o léxico básico relacionado co ámbito da Administración, servizos de telefonía, correos etc.

Unidade 12. Unha vida de película

Nesta unidade imos escribir unha biografía imaxinaria.

Para iso, imos aprender:

- > a relatar e relacionar acontecementos pasados
- > a falar da duración
- > algúns marcadores temporais para relatar
- > a perífrase comezar a + infinitivo
- > contraste entre o pretérito e o copretérito
- > a estrutura estar + xerundio no pasado